

Xunta de Galicia
do Interior
Galicia

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 22/02/2016 14:36:23

SAIDA 2019/16

D. Julio Fernández González

matarpormatarnon@yahoo.es

Expediente: F.7.Q/15/15

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2016

Estimado Sr.:

En relación coa comunicación remitida a vostede o 28 de xaneiro (registro de saída nº 1076/16), a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e de Coordinación Administrativa e da Planificación, logo de estudar a súa reclamación e tendo en conta os antecedentes e consideracións legais e técnicas consignados no seu informe, remata coas conclusións seguintes:


1. Non se comparten as manifestacións realizadas por don Julio Fernández González, ao asegurar que se está permitindo a caza nas vías públicas en xeral, dado que segundo a redacción do artigo 42 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, considéranse as vías públicas como zonas de seguridade, definindo as mesmas aos efectos da citada Lei; prohibíndose polo tanto a caza nestas zonas de acordo co reflectido no artigo 43 da Lei.
2. Respecto ás manifestacións realizadas en relación coa falta de seguridade no exercicio da caza, dicir que na propia exposición de motivos da Lei 13/2013, de caza de Galicia, se fixa como obxectivo da Lei a seguridade na actividade cinexética, non só para os cazadores e cazadoras senón tamén para os demais usuarios e usuarias do monte, neste senso avógase nesta Lei polo exercicio dunha caza máis responsable, máis sustentable e máis ética. Especial empeño pon a Lei en que a caza se realice en condicións de máxima seguridade para as persoas e os bens. A exixencia de boas prácticas na caza, que aseguren unha caza sen sobressaltos, pasou de ser unha simple recomendación a se converter nunha exixencia formal da Lei.

3. A "batida", é unha modalidade de caza que na anterior de caza de Galicia (Lei 4/1997, do 25 de xuño) se denominaba "gancho", non sendo obrigatorio realizar a súa sinalización para o seu desenvolvemento. Esta modalidade de caza non supón algo novo, que implique un cambio en relación coa seguridade das persoas, precisamente na Lei 13/2013, de caza de Galicia, e en aras dunha maior seguridade no exercicio da caza, no caso das "montarías", obrígase á sinalización dos camiños de uso público que se internen na zona onde se desenvolve a actividade, deixando para desenvolvemento regulamentario establecer en que casos se debe esixir a sinalización das batidas.

4. Na Consellería non se ten constancia da presentación de peticións por parte de 5.000 persoas para realizar o cambio da Lei de caza, de tódolos xeitos, a iniciativa popular é un procedemento ao que pode recorrerse para promover esta modificación.

Avaliadas as conclusións expresadas que se axústan á normativa vixente, e esgotada a nosa función de supervisión sobre a actuación pública do citado organismo autonómico, declárase a conclusión do expediente de queixa F.7.Q/15/15.

Agradézolle a confianza que nos demostrou e reciba un atento saúdo.


Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

